



Unha imaxe da obra "Nubes"


## Aracaladanza leva ao Pazo da Cultura coreografías inspirada nos cadros de Magritte

REDACCIÓN &gt; FERROL

■ A compañía Aracaladanza actúa ás 20.00 horas no Pazo da Cultura de Narón coa multipremiada obra "Nubes", unha coreografía que recrea a maxia visual dos cadros do pintor surrealista René Magritte. Trátase dunha peza para toda a familia e o prezo da entrada é de 9 euros para os non abonados. A duración da obra é de 50 minutos.

Así mesmo, mañá ás 20.00 horas, o cómico Dani Rovira actúa no Pazo da Cultura co seu espectáculo "El inmortal de la risa". As entradas, que estaban a un prezo de 15 euros, xa están agotadas.

**Noite "Sabineira"** > O luns ás 11.00 horas pónense á venda no Pazo da Cultura de Narón as entradas para ver actuar á banda de Joaquín Sabina o día 4 de febreiro, nun espectáculo no que alternan a interpretación de cancións de Sabina cun convite ao público para que as interprete sobre o escenario con eles. O prezo das entradas é de 10 euros.



## Borrajo e o seu "Golfus Hispánicus"

■ O humorista Moncho Borrajo deixou clara a súa enorme capacidade de convocatoria na primeira das tres xornadas nas que ocupará o Jofre coa súa última obra. Trátase do espectáculo "Golfus Hispánicus", co que volveu encher de gargalladas o teatro ferrolán coa inventiva e inxenio dun cómico que ao longo de dúas horas compara a situación actual coa do imperio romano no século III d.C. Hoxe, Borrajo volverá repetir actuación –será ás 22.00 horas– e mañá tamén nunha terceira función ás 18.30 horas.

LUIS POLO

## O ciclo teatral prolóngase ata o próximo 15 de abril en Caranza As compañías de Ferrol mandan no programa Domingos a escena

REDACCIÓN &gt; FERROL

■ Xa comezado o segundo trimestre do ciclo de teatro afeccionado Domingos a escena, as compañías de Ferrol e comarca acaparan a maior parte das actuacións dominicais no Centro Cívico de Caranza ata o 15 de abril, data na que rematará o ciclo. Así, tras Oquetiqueiras, mañá será o turno de O Maxolo con "Unha rosa é unha rosa". Para rematar o mes, o próximo día 29, a cedeiresa Valverde Teatro representará a comedia "Un traballo é un traballo".

A compañía compostelá NNC actuará o 5 de febreiro con "Esperando a Godot", mentres que a agrupación de Fuco Buxán, de Ferrol, fará o propio o 12 de febreiro con "Hildegart". A Pombiña, de Pedroso (Narón), representará "Rosenda, unha criada indecente" o 19 de febreiro. Finalmente, Ti E Máis Eu Teatro, de Ferrol, dará a coñecer o día 26 a peza infantil "Canta o que queiras cos micros de madeira". Marzo o inaugura a compañía de Miño Arruallo, que o día 4 trae a Caranza "Entre nós". O día 11 a compañía ferrolá Pandemia actúa con "Dereita, esquerda", mentres que o Grupo de Teatro de Ares estará o día 18 con "A voda de Esganarello". O 25 Teruca Bouza, do Seixo, representa "A muller de meu amigo engáname" e o 1 de abril Quemastein, das Pontes, fai "As herdeiras do sol". Crucia Teatro de Santa Ica representa o 8 de abril "Os profesionais", pechando o día 15 Ad Libitum con "Vaia tropa".



A compañía O Maxolo ao completo, que actuará mañá

### O Maxolo leva este domingo a obra do escritor Suso de Toro "Unha rosa é unha rosa"

■ O Centro Cívico de Caranza acollerá este domingo a segunda das funcións trimestrais do ciclo de teatro afeccionado Domingos a escena. O grupo ferrolán O Maxolo, antes pertencente á AVV de Covas, subirá aos escenarios deste contenedor cultural para pór en escena a obra "Unha rosa é unha rosa", da que é autor o escritor Suso de Toro. O pase comezará, como é habitual neste programa, ás 19.00 horas e a entrada é libre e gratuíta para o público asistente. "Unha rosa é unha rosa" é unha comedia dunha duración de noventa minutos, dirixida por Helga Méndez e que ten entre os seus protagonistas aos actores

locais Chelo López, David Pita, Paula Cabanas, María López, Suso Cereijo, Loli Pazos, Maribel Castrillón, Javi, Reme López e Juan López. O argumento conta a historia de dous sobriños, Adela e Pololo, que ambicionan a herdanza da súa tía Rosa. Porén, todo muda cando aparece en escena un terceiro personaxe en discordia, a inocente irmá Rosiña que, sen sabelo, dispón dun terzo desa herdanza. Unha cantidade que os outros dous sobriños non están dispostos a compartir, precipitando os acontecementos. En definitiva, unha comedia negra con tódolos ingredientes do xénero.

## Presentación en Ferrol da colección de clásicos galegos en portugués

REDACCIÓN &gt; FERROL

■ O salón de actos da Escola de Idiomas acolleu onte a presentación da nova colección "Clásicos da Galiza", da editorial barcelonesa Edições da Galiza. O presidente da Academia Galega da Língua Portuguesa, o ferrolán José Martinho Montero Santalha, deu a coñecer os primeiros volumes desta serie, especialmente o "Cantares Galegos", de Rosalía de Castro; "Queixumes dos pinhos", de Pondal e o cancionero popular "Cantos lusófonos". Durante o presente ano continuará a tradución ao portugués de diferentes obras de Xohán Vicente Viqueira, Leiras Pulpeiro, López Ferreiro e Amado Carballo.

Así mesmo, no acto o profesor Celso Álvarez Cáccamo deu a co-



Un momento do acto

L.P.

ñecer o arquivo dixital da Academia Galega da Língua Portuguesa, onde poden consultarse artigos ou entrevistas, visible na súa páxina web [www.academiagalga.org](http://www.academiagalga.org).

## O festival Impious Deathkvlit Rites trae á sala Súper 8 unha mostra do heavy actual

REDACCIÓN &gt; FERROL

■ Trala caída de cartel a última hora da banda cántabra Moonshine, o festival Impious Deathkvlit Rites, que se celebra a partir das 21.00 horas na sala Súper 8, queda composto polos conxuntos locais Marthyrium e Wisdom e os ourensáns de Xerión.

Así, a cita co heavy máis actual, que se prolongará ata a medianoite, comezará co grupo Marthyrium que ofrecerá, a pesar de ser ferroláns, o seu primeiro concerto na cidade nos seus cinco anos de historia. Así mesmo, actuará o grupo Wisdom, unha recoñecida banda local que practica un contundente Death Metal / Grindcore. Finalmente os ourensáns Xerión actúan por vez primeira en Ferrol presentando o seu intenso metal galaico extremo. O prezo da entrada Impious Deathkvlit Rites é de cinco euros.

### breves

#### Obradoiro en Sargadelos sobre o CD de Pesdelán "Na punta do pé"

■ Montse Rivero, unha das compañentes do grupo Leilía, estará na Galería Sargadelos a partir das 12.30 horas para dirixir un obradoiro práctico baseado no CD do grupo Pesdelán "Na punta do pé". Trátase dun disco, DVD e libro que ensina a cantar e bailar a pequenos e grandes.

#### A orquestra Charleston Big Band actúa esta noite na discoteca INK

■ A orquestra padronesa Charleston Big Band actuará ás 23.00 horas na discoteca naronesa INK. A formación, camiño das tres décadas de traxectoria musical ás súas costas, ofrece tódolos ritmos bailables populares do momento: merengues, cumbias, rancheras, etc. O prezo da entrada é de 8 euros con dereito a consumición.

#### O local de maiores da Solaina acolle unha actuación musical

■ A asociación da 3ª Idade de A Solaina celebra hoxe unha festa ás 18.00 horas no local social de maiores de Santa Ica (na Avenida da Solaina, 6). Os encargados de animala serán os compañentes da orquestra Arde Leixa. Trátase dunha formación de 18 músicos que interpretará temas de actualidade de diferentes estilos.